

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 21 de xullo de 2026 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción Rehabilitación de varias obras de drenaxe transversal nas estradas PO-331 e PO-532, de clave PO/25/040.02; así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto.

Mediante a Resolución da directora da Axencia Galega de Infraestruturas do 17 de xullo de 2026 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción Rehabilitación de varias obras de drenaxe transversal nas estradas PO-331 e PO-532, de clave PO/25/040.02, nos concellos de Gondomar e Ponte Caldelas (Pontevedra).

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Que para os efectos previstos na Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa, e no Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento, se someta ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados desde o seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Segundo. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

A documentación do proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas, no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra, nas casas dos concellos de Gondomar e Ponte Caldelas; e na páxina web da Consellería de Viven-



da e Planificación de Infraestruturas, onde tamén se atopa un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación:

<https://vivendaeinfraestruturas.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 21 de xullo de 2026

María Deza Martínez
Directora da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: ewhobrh7-3oc8-ywt9-nqn3-jph3ieae5ld2





ANEXO
Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Rehabilitación de varias obras de drenaxe transversal nas estradas PO-331 e PO-532.
Clave: PO/25/040.02.
Concellos de Gondomar e Ponte Caldelas.

Nº	Concello	Referencia catastral	Polígono	Parcela	Titular	NIF	Sit. básica do solo (RDL 7/2015)	Ocupación temporal m²
1	Gondomar	2766404 NG2626N 0001 PE		2766404	En investigación		Urbanizado	64,00
2	Gondomar	2765306 NG2626N 0001 LE		2765306	En investigación		Urbanizado	190,50
3	Gondomar	2765318 NG2626N 0001 IE		2765318	Raquel Vila Rodríguez	***5870**	Urbanizado	61,00
4	Gondomar	2765308 NG2626N 0001 FE		2765308	José Alonso Fernández (hrdos.)	***9890**	Urbanizado	375,60
5	Ponte Caldelas	36043 A 015 00027 0000 JQ	015	00027	CMVMC Santa Ana		Rústico	654,88
6	Ponte Caldelas	36043 A 023 01943 0000 JM	023	01943	En investigación		Rústico	73,00

